

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18782 *Real decreto 1676/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

A Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, establece unha regulación similar pero con trazos distintivos claros respecto á lei que modifica no ámbito dos puntos de venda con recarga.

Esencialmente, no que respecta ao mercado do tabaco, a Lei 42/2010, do 30 de decembro, establece unha nova regulación da venda con recarga de produtos do tabaco, na cal separa o consumo da venda destes produtos, e prevé, así mesmo, a posibilidade da venda manual de cigarros e xarutiños provistos de capa natural en todos os locais autorizados para a venda con recarga.

Así mesmo, o Real decreto lei 14/2011, do 16 de setembro, de medidas complementarias en materia de políticas de emprego e de regulación do réxime de actividade das forzas e corpos de seguridade do Estado, na súa disposición adicional segunda, modifica a Lei 28/2005, permitindo as vendas ás tendas de conveniencia previstas no artigo 5.4 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, que acheguen certificación acreditativa desa condición, expedida pola autoridade competente en materia de comercio.

Esta formulación exige a modificación do articulado do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, en tres puntos específicos, o artigo 25, regulador das autorizacións para a venda con recarga; o artigo 32, referido ás prohibicións de venda en determinados lugares, e o artigo 37, regulador da provisión e funcionamento dos puntos de venda con recarga.

A reforma do artigo 25 introduce os novos establecementos onde está permitida a venda de elaborados de tabaco con recarga e estende a posibilidade de vender cigarros e xarutiños provistos de capa natural a todos os establecementos autorizados. No artigo 32 actualízanse as referencias dos lugares onde se prohibe a venda con recarga. Finalmente, o artigo 37 establece os lugares onde se poden instalar as máquinas expendedoras.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

O Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, que desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 25 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Autorizacións de venda con recarga.*

Un. O Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá autorizar a venda retalista de tabaco con recarga a aqueles que sexan titulares dun establecemento

mercantil que non se encuentre incurso nalgunha das prohibicións establecidas na normativa sanitaria, e que sexa dalgunha destas categorías:

- a) Quioscos de prensa situados na vía pública.
- b) Locais cuxa actividade principal sexa a venda de prensa con acceso directo á vía pública.
- c) Tendas de conveniencia previstas no artigo 5.4 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, que estean situadas en estacións de servizo ou que acheguen certificación acreditativa desa condición, expedida pola autoridade competente en materia de comercio.
- d) Bares e restaurantes e demais establecementos de restauración pechados.
- e) Hoteis, hostais e establecementos análogos.
- f) Salas de festa, establecementos de xogo ou de uso público en xeral.

Dous. Avendasó se poderá realizar mediante o emprego de máquinas expendedoras. Estas deberán estar situadas no interior dos locais, centros ou establecementos autorizados e en situación que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores; estes deberán, en todo momento e de forma inmediata, dispor dos medios de apertura da máquina expendedora que permita a súa inspección por parte dos funcionarios do Comisionado e demais órganos competentes.

Paralelamente, nos ditos locais permitirase a venda manual de cigarros e xarutiños provistos de capa natural.

Tres. Esta venda realizarase coa recarga que sobre os prezos de venda en expendedoría establece o Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de consulta ao Comité Consultivo. A dita recarga arredondarase en múltiplos de cinco céntimos de euro e publicarase para o seu coñecemento xeral e eficacia.

A explotación e xestión da autorización faraa a risco e ventura, de forma directa, o autorizado.

Poderase obter unha única autorización para todos os puntos de venda con recarga situados nun mesmo establecemento cando a solicitude de autorización se presente na mesma data.

A expedición manual de cigarros ou xarutiños, cando sexa realizada por un titular de autorización para a venda con recarga mediante a utilización de máquina, estará comprendida naquela autorización, sempre que estea permitida legalmente a venda manual de cigarros e xarutiños.»

Dous. O número dous do artigo 32 queda redactado do seguinte modo:

«Dous. Non poderán existir puntos de venda con recarga nos lugares onde exista prohibición de fumar, salvo nos lugares previstos no artigo 25, número un, deste real decreto.»

Tres. O número sete do artigo 37 queda redactado do seguinte modo:

«Sete. O autorizado para a venda con recarga deberá cumprir as seguintes normas de funcionamento:

A venda e a subministración a través de máquinas expendedoras realizarase de acordo coas seguintes condicións:

1. Uso: prohíbeselles aos menores de dezaioito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco.
2. Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán instalar, sempre baixo vixilancia directa e permanente, en:
 - a) Quioscos de prensa situados na vía pública.
 - b) Locais cuxa actividade principal sexa a venda de prensa con acceso directo á vía pública.

c) Tendras de conveniencia previstas no artigo 5.4 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, que estean situadas en estacións de servizo ou que acheguen certificación acreditativa desa condición, expedida pola autoridade competente en materia de comercio.

d) Bares e restaurantes e demais establecementos de restauración pechados.

e) Hoteles, hostais e establecementos análogos.

f) Salas de festa, establecementos de xogo ou de uso público en xeral.

Non se poderán instalar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de cortaventos, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmovible pero que non constitúen propiamente o interior deste.

3. Paralelamente permitirase a venda manual nos establecementos autorizados respecto dos cigarros e xarutiños de capa natural.»

Disposición transitoria única. *Autorización única para todos os puntos de venda con recarga.*

Ata o 31 de decembro de 2011, no caso de que no mesmo establecemento se venda tabaco con recarga en dous ou máis puntos diferentes, deberá solicitarse e obterse a correspondente autorización para cada un dos puntos de venda.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Exceptúase do anterior a redacción dada polo artigo único.un do presente real decreto ao parágrafo segundo do artigo 25.tres do Real decreto 1199/1999, do 9 xullo, sobre a posibilidade de obter unha única autorización para todos os puntos de venda con recarga situados nun mesmo establecemento cando a solicitude de autorización se presente na mesma data, que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2012.

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ